

CIRCULAR DE FINAL DE CURSO

Estimadas familias:

Como sabedes o venres 21 de xuño finaliza o curso 2012 – 2013.

Con este motivo queremos informarvos de algúns asuntos que seguro serán do voso interese:

- A entrega de calificacións ao alumnado será o 21 de xuño con carácter xeral.
- O mesmo venres 21 ás 13,15 h. no Salón de Actos faremos a tradicional entrega de orlas ao alumnado de 5 anos que termina a Educación Infantil.
- A entrega de orlas e documentos oficiais ao alumnado de 6º de Primaria será o venres 21 ás 18h no Salón de Actos, en compañía das familias e o profesorado.
- O martes 25 entre as 10 e as 12h o profesorado atenderá ás familias que así o soliciten.
- O prazo de reclamación das calificacións remata o venres 28 de xuño.
- **Libros de texto.** No reverso desta folia tedes a relación de libros de texto para o curso seguinte. Lembraide que o 03 de xullo remata o prazo para solicitar na secretaría do Centro a axuda económica para comprar os libros de texto de primaria.
- Durante os meses de xullo e agosto podedes obter información a través da web do colexio e utilizando o correo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es
- As clases, no vindeiro curso 2013 – 2014, comezarán o día 11 de setembro as 9 h.
- Como novidade, e debido a gran demanda de prazas na zona, a Xefatura Territorial de Educación decidiu habilitar un aula máis de 3 anos no Colexio o vindeiro curso. Isto obríganos a realizar algúns pequenos cambios na ubicación das aulas de infantil, de primeiro e de música.

Por último, aproveitamos a ocasión para despedirnos afectuosamente das familias e do alumnado que por diferentes motivos deixan o Colexio, especialmente os de sexto de primaria, desexándolles a todos moita sorte na nova etapa que iniciarán en setembro.

Por último, e na seguridade de continuar recibindo a vosa confianza, boa dispoñibilidade e participación no vindeiro curso, recibide todos un cordial saúdo.

En A Coruña, a 19 de xuño de 2013

A Dirección.